Mari romanzi, mari del contatto:

lessico e paremiologia

Mari romanzi, mari del contatto: lessico e paremiologia

Posebna izdanja Centra za jadranska onomastička istraživanja – Knjiga 4

Urednici
Nikola Vuletić
Xosé Afonso Álvarez Pérez
José Enrique Gargallo Gil

Nakladnik
Sveučilište u Zadru

Za nakladnika
Dijana Vican, rektorica

Povjerenstvo za izdavačku djelatnost
Sveučilišta u Zadru
Josip Faričić (predsjednik)

Recenzenti
Goran Filipi
August Kovačec

Grafičko oblikovanje
Ljubica Marčetić Marinović

Prijelom
Denis Gospić

Tisak
DENONA d.o.o.

Naklada
200 primjeraka

Izdavanje ove knjige pomogli su Ministarstvo znanosti, obrazovanja i sporta Republike Hrvatske i Maraska d.d. Zadar

ISBN 978-953-331-113-5

CIP zapis dostupan u računalnom katalogu Znanstvene knjižnice Zadar pod brojem 150319075

Mari romanzi, mari del contatto: lessico e paremiologia

A cura di Nikola Vuletić,
Xose Afonso Álvarez Pérez
e José Enrique Gargallo Gil

Sveučilište u Zadru, Zadar, 2016.

Indice

Presentazione 7

Lessico marittimo romanzo: aspetti geolinguistici ed etimologico-motivazionali

Ramón De Andrés
Variación geolectal en el léxico de la fauna marina de Asturias: una indagación dialectométrica 13

Elisabetta Carpitelli
Concordances lexicales dans la Haute-Tyrrhénienne : aspects géolinguistiques et motivationnels de quelques zoonymes marins corses 41

Joan Veny
Motivations sémantiques du *Cepola rubescens* : le cas du catalan *metge* 73

Daniel Le Bris
Variations géolinguistiques des appellations du poisson plat le long des côtes atlantiques européennes 87

Giovanni Ruffino
Dall'*Atlante Linguistico Mediterraneo* all'*Atlante Linguistico della Sicilia*: dinamiche areali e problemi storico-etimologici 101

Jerneja Umer Kljun
Analisi etimologica di alcuni ittionimi nelle parlate istrovenete dell'Istria slovena 119

Sanja Smodlaka Vitas
E-to-ro-qa-ta, *τροπός*, *stroppus*, *štrop*: continuitas mediterranei termini nautici a bronzica ad hodiernam aetatem 137

Il contatto slavo-romanzo nelle coste orientali dell'Adriatico

Rada Cossutta
La terminologia marinaresca slovena del Golfo di Trieste: prestiti romanzi 147

Metka Furlan
La voce dialettale slovena *flum* 157

Ivana Škevin
L'/Le arte dei pescatori (il caso di Betina) 173

Nikola Vuletić
Appunti sui nomi di alcuni molluschi nelle isole della Dalmazia Settentrionale 187

Vladimir Skračić
Thalassozoonymes et termes halieutiques dans la toponymie de l'Adriatique croate 203

Geoparemiologia del mare

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Bora freda e neve in mar, la fin del vento vedo 'rivar. Refráns do vento no mar románico 229

Maria-Reina Bastardas i Rufat
Lluna ajaguda, marinaru a l'addritta / luna en pie, marinâr sentât. À la recherche d'un parémiotype roman entre la lune et la mer 245

José Enrique Gargallo Gil
El proyecto *ParemioRom*. Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio 257

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Universidade de Lisboa

Bora freda e neve in mar, la fin del vento vedo 'rivar. Refráns do vento no mar románico[1]

1. Os proverbios: repositorios da cultura dunha sociedade e consello de vida para as novas xeracións

Do mesmo modo que o ADN transmite ás xeracións vindeiras os trazos biolóxicos dos seus antecesores, a cultura que foron acumulando as comunidades durante a súa existencia tamén pasa ós novos membros mediante diversos modos. Se ben nas sociedades máis modernas ese procedemento execútase xeralmente a través de mecanismos regrados como a escola ou a adquisición persoal de coñecemento mediante lecturas de libros impresos ou páxinas web, nas comunidades tradicionais tiveron un rol moi importante diversos sistemas de transmisión oral, como os contos, as fábulas, as lendas ou o caso que nos ocupa, os proverbios.

Os refráns son un óptimo mecanismo de transmisión, pois, a diferenza dos elementos antes citados, codifican a súa ensinanza en dúas ou tres frases, o que os converte en contidos facilmente memorizables e contribúe á súa difusión e preservación. Os elementos culturais transmitidos polos refráns poden ser moi variados. En moitos casos, son repositorios que conservan crenzas mitolóxicas que veñen de moitos anos atrás, como nun coñecido paremiotipo esparexido polo mundo adiante que sinala que cando chove e fai sol a un tempo é sinal de que está acontecendo algo extraordinario, que pode ser que o Demo acose e agrida as mulleres (din na Bretaña que *An diaoul o pilad e wreg* e na Galiza que *Cando chove e sae o sol, anda o Demo solto por Ferrol, cun saquiño de alfileres pra lle picar no cu ás mulleres*), que casen os raposos (*Chuva com sol, casamento da raposa*, din en portugués, e *Quando piove*

1 Este traballo insírese no proxecto *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*, financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FFI2011-24032) do goberno español. Para a súa elaboración, o autor contou con financiamento do programa de Recursos Humanos da Fundação para a Ciência e a Tecnologia do goberno portugués.

col sole si sposano le volpe en italiano) ou incluso que casen os frades, tal e como se afirma na illa dálmata de Korčula: *Sunce i kiša, fratri se ženu* ('Chuva e sol, os frades casan'). Véxase Kuusi (1957) e Ferro (2007) para máis información sobre este paremiotipo.

Mais non son os contidos de tipo mitolóxico os únicos que se transmiten nos refráns, senón que estes codifican numerosos consellos de comportamento adquiridos da asimilación da experiencia acumulada ó longo dos anos que son esenciais para a supervivencia e o benestar da comunidade: saber en que altura do ano hai que plantar e recoller cada cultivo, tentar predicir se choverá ó día seguinte a través da observación das nubes ou dos paxaros, saber se este ano virá aínda frío en abril ou maio, etc.

2. A definición do corpus

Neste traballo examinaremos os refráns sobre ventos que se conservan de modo abundante nas comunidades costeiras da Europa románica. Por que abundan os refráns deste tipo nas ribeiras? Como ben sabe quen viva na costa, o mar non é un sosegado estanque, senón que é lugar perigoso no que morren todos os anos milleiros de persoas. Se hai perigo incluso para os incautos bañistas que entran uns metros no mar e sucumben á forza da resaca e das mareas, canto máis para os mariñeiros, pois en calquera momento poden ter a vida en perigo, como augura o refrán castelán *Quien no se ha visto ni en puerto ni en mar, no sabe qué es rezar*. E boa parte destes perigos están causados polo vento, que crea as ondas e fai nacer as tempestades que ameazan os traballadores do mar, tal e como pon de manifesto un proverbio italiano que asegura que quen tiver medo á auga e ó vento, non debe entrar no mar: *Chi teme acqua e vento, non si metta in mare*. En Valencia recolleuse un refrán misóxino que enfoca a cuestión desde outra perspectiva, sinalando que as mulleres e os ventos son causa de tormentos: *Sense les dones i els vents no hi hauria tants turments*. Isto é, os mariñeiros establecen unha relación de amor-odio co vento, que pode quitarlles a vida en calquera momento, pero que é tamén a forza que move os seus barcos e lles permite gañar o sustento; este vínculo ambivalente está maxistralmente reflectido nun refrán mallorquino atribuído a muiñeiros: *Moliner i mariner, vent els fa mal i vent els fa bé*, aínda que ese colectivo tamén coñece un refrán cun augurio máis sombrío: *Déu te guard d'ofici que el vent meni*.

Non sorprende, por tanto, que as diferentes comunidades establecidas ao longo da costa fosen creando ao longo da historia numerosos

proverbios que codifican, de forma breve, todos os coñecementos adquiridos en sucesivas xeracións sobre como predicir os temporais, evitar os perigos dos ventos fortes ou aproveitar a forza eólica para obter unha pesca máis abundante. Isto non significa, obviamente, que non haxa refráns sobre o vento en comunidades afastadas da costa, ou que nas zonas do litoral non existan proverbios que se refiran á relación do vento coas tarefas agrícolas,[2] pero si que é certo que é nas terras ribeirás e na interrelación co mar onde se acada unha maior riqueza, polo que será neste ámbito xeográfico onde nos centremos.

Valerémonos para cumprir este propósito da base de datos PAREMIO-ROM, coordinada polo profesor José Enrique Gargallo Gil, da universidade de Barcelona (<http://stel.ub.edu/paremio-rom>), unha exhaustiva recolla de preto de 12000 refráns codificados en linguas románicas.[3] O corpus seleccionado abrangue uns 440 proverbios, que foron recollidos en localidades costeiras ou en territorios próximos do litoral, ademais daqueles cunha procedencia xeográfica máis difusa pero que fan referencia ó mar e ó vento. Convén notar que a distribución por dominios lingüísticos é irregular, xa que a mostra está condicionada polas fontes do PAREMIO-ROM, moi numerosas para certos dominios e escasas para outros, tanto no número en xeral como na contía de fontes con especificación da procedencia xeográfica de cada proverbio. Entre as zonas con máis representación, temos que citar Asturias, Galicia, Valencia e Cataluña; as que teñen menos, Romanía (non hai ningún na nosa selección, de feito) e Francia.

3. Tipoloxía de refráns

A análise do corpus revela unha notable diversidade temática nos proverbios que poñen en relación o vento e o mar. Dos preto de 440 refráns examinados, os tres quintos (270) corresponden a predicións, isto é, hipóteses sobre o tempo que fará nas próximas horas dependendo das condicións atmosféricas do momento, da observación do estado do mar

2 Por exemplo, dise en Sardeña que aproveitar a dirección do vento é unha habilidade do bo trillador: *Accogliere su bentu quando benit, est de bonu arzoladore*.

3 Continúa o proxecto BADARE, en funcionamento desde 2005. A nova ferramenta foi descrita recentemente por Álvarez/Bastardas/Gargallo (no prelo); véxase tamén a contribución do Prof. Gargallo neste mesmo volume, que me exonera de estar a repetir aquí as características da base de datos. Salvo indicación en contrario, todas os refráns citados nesta contribución proveñen da base de datos do PAREMIOROM, onde se pode consultar a fonte e a localización xeográfica exacta, cando se coñece, obter comentarios adicionais e acceder, na maioría dos casos, a unha tradución literal para o castelán.

ou incluso do comportamento de diferentes animais. Moi relacionado está un grupo considerable de refráns, composto por uns 90 elementos, que contén «alertas», avisa os mariñeiros e os habitantes da costa sobre os perigos que pode ter unha determinada configuración atmosférica.[4]

Ocupan unha posición similar en canto a vitalidade (unha trintena de proverbios), dous grupos con consellos máis prácticos: as consecuencias para a pesca dunha determinada configuración atmosférica e os mellores modos para a navegación cando sopre un vento determinado. Finalmente, existen uns proverbios moi reducidos en número (16 no conxunto do corpus), pero de moito uso na lingua, que se especializaron no uso figurado, isto é, aloden metaforicamente ó mar e ó vento, pero para dar consellos sobre outras circunstancias, de tipo xeral, tal e como na coñecida afirmación «con vento a favor, todos saben navegar».

Nas seguintes páxinas ofreceremos unha visión panorámica dos diferentes tipos, tratando de resaltar a diversidade existente.

3.1. Predición

Este conxunto de paremias é o máis numeroso e, tamén, o máis heteroxéneo en canto ós diferentes tipos de predición existentes e fenómenos analizados para obtela.

-) Análise do ceo

Como é esperable, a observación do ceo adoita ser o primeiro paso que unha persoa debe dar para establecer un prognóstico sobre o tempo vindeiro, e, nese sentido, son moitos os refráns do noso corpus que toman esa acción como punto de partida para escrutar as posibilidades de que aparezan ventos ou temporais que afecten o labor dos mariñeiros. Son dous os procedementos maioritarios, que non se restrinxen ó litoral románico, senón que son tamén ben coñecidos por todo o territorio.

O primeiro deles fai referencia ó roibén, a cor vermella das nubes, un fenómeno lumínico causado pola particular dispersión da luz cando o sol está por debaixo de 10 graos no horizonte e a atmosfera está seca. Normalmente, ese fenómeno é un indicio da chegada de chuvia ou vento

4 Por exemplo, o refrán *Abril buenu era si el gallegu non viniera*, un proverbio das costas asturiana e cántabra, advirte de que son perigosas as augas do mar Cantábrico cando sopra o vento «de Galicia», isto é, do NO. Esta advertencia ten unha sólida base científica: cando se dan determinadas condicións atmosféricas (véxase Arteche García, 2008), máis frecuentes entre os meses de abril e xuño, ou entre setembro e outubro, os ventos do NO poden desencadear fortes galernas, como a «galerna do Sábado de Gloria» (20 abril de 1878), recordada inda hoxe, na que morreron máis de 300 pescadores (Gozalo de Andrés, 2002).

nas próximas horas, e así nolo fan saber diversos proverbios ó longo de todo o litoral románico, con diferentes variantes: *Arrebóis ao anoitecer, água ou vento ao amanhecer* (Portugal), *Rubién de mañana, por viento o agua* (Asturias), *Núvol rogent, aigua o vent* (Cataluña), *Broma roja, vent o ploja* (Rosellón), *Nuvia rossa o che cieuve o che buffa* (Liguria), *Russura à la marina, acqua ô ventu la matina* (Córsega), *Cel rojal, pluja o vent o molt mal temps* (L'Alguer), *Aeras ruias bentu annuntiant* (Sardeña), *Timpe russe o acqua o vinte o mbusse* (Apulia).

No segundo caso, tratamos tamén cunha configuración celeste moi coñecida, o ceo cuberto de cirrocúmulos, nubes brancas pequenas e arredondadas que dan orixe a metáforas como «ceo de lan», «aborregado» (en referencia ós cordeiros), «empedrado», etc. A maioría dos refráns da Romania que inclúen este motivo na súa formulación céntranse ou ben na ameaza de chuvia nun horizonte temporal de curto-medio prazo (de 1 a 3 días) ou ben no reflexo desa situación na terra (haberá pozas, caerá auga a caldeiros, enlamará o chan, etc.), como no refrán catalán *Cel a bassetes, a la terra pastetes*. Non obstante, como se sinalaba na introdución, os mariñeiros teñen outras prioridades, non lles interesa tanto a chuvia como facer notar a presenza do vento, un elemento moito máis perigoso para o seu traballo. Por iso, en varias zonas do litoral, especialmente o atlántico, existen numerosas paremias que se centran nese aspecto, ben indicando apenas a presenza do vento, ben admitindo tamén a aparición de chuvia: *Cel tavellat, llevants* (Mallorca), *Ceo empedrado, vendaval ó rabo* (Galicia), *Cielo escamudo, vendaval duro* (Asturias); *Ceo pedrento, ou chuvia ou vento* ou *Ceo empedrado, chuvia, vento ou orballo* (Galicia).

Aínda que minoritarios, noutros casos a observación do ceo dá pistas sobre a chegada de ventos. Vexamos dous casos onde a presenza ou ausencia de nubes informa sobre esta circunstancia: *A llevant clar i ponent obscur,* | *temporal segur* (País Valenciano) e *Fuerteventura clara, vientos traseros*, como din nas Palmas de Gran Canaria.

-) <u>O Sol e a Lúa</u>

Son tamén numerosos os refráns que se refiren ós dous corpos celestes que dominan o noso ceo, de día e de noite. Na maioría dos casos, aloden á presenza ou non de nubes, que os ocultan parcialmente e poden presaxiar un certo fenómeno. Sinalemos, nese sentido, o refrán pullés, de infalibilidade probada, *Quànne iè stèdde e llune [/] o benàsse o fertùne* ('Cando hai estrelas e Lúa [= ceo despexado], ou bonanza ou borrasca'). En relación cos roibéns, podemos sinalar dous refráns cataláns que

prognostican chuvia ou vento se a lúa ou o sol aparecen avermellados: *Lluna rogent, pluja o vent*; *Sol en rogent, vent al ponent*. Cando a Lúa ten un halo ó seu redor, dise que vai chover (*Esta noche va a llover, que lleva cerco la luna*), pero hai algún refrán que tamén advirte sobre a posibilidade de que, como alternativa, sopre o vento, como nesta paremia occitana da zona de Niza: *Quouro la luno fa rodo, O vènt o brodo*.

Tamén observamos no noso corpus outras motivacións, máis ricas desde o punto de vista paremiolóxico, que describen unha situación meteorolóxica máis complexa. Cando se achega o inverno, debido á posición relativa do Sol e da Lúa, a Lúa crecente ten aspecto de estar deitada; por outro lado, contra o final do outono, abundan os temporais no mar, especialmente no Mediterráneo, pola evaporación das súas quentes augas de mar cerrado, que entran en contacto cos aires fríos. A sabedoría popular uniu estas dúas circunstancias nun refrán que alerta sobre os temporais e fortes ventos que se poden agardar en inverno; existen moitas variantes, como: *Luna en pie, marinero acostado; luna echada*[,] *marinero en pie* (en Asturias; enténdase *en pie* como sinónimo de «alerta») ou *Lluna ajaguda, mariner dret* (Cataluña), *Luna llana, viento o agua*.

Canto ó Sol, destacan numerosos proverbios cataláns e valencianos que sinalan que cando o Sol ten unha coloración especial ou algúns reflexos, entón virá algún vento (que normalmente especifican como *levante* ou *gregal*): *Sol blanc, gargal al camp*; *Sol en llames, gargal en cames* ['con pernas']; *Sol rogenc, gregal o ponent*; *Sol amb banyes* ['con cornos'], *llevant amb cames*.

-) <u>A néboa</u>

A néboa na costa é vista pola maioría dos proverbios como un claro indicador da chegada de vento, con diferentes matices. Algúns refráns non arriscan, sinalan simplemente que pode vir vento, pero tamén a calma: *Fuscayo en Riquisuelu, vendaval o tiempu nuevu* (Asturias), *Boira de matí, calma, o vent de garbí* (Alacante). Outros proverbios presentan unha disxuntiva máis comprometida, ou fará vento ou choverá: *Boirada, ventada o ruixada* (Cataluña), *Una boirada, o ben mullada o ben ventada* (Xirona). Resulta curioso que a maioría dos refráns que simplemente prognostican vento non fan referencias xenéricas, senón que especifican un vento concreto, que procede case sempre do norte: *Borraxeira do mar, norte a terra vén buscar* e mais *Néboa na boca da ría, norte forte noutro día* (Galicia); *Nieblas a Miranda, nordés de banda* (Galicia); *Broma baixa al Canigó, tramuntana al Rosselló* e *Broma espessa a Força Real, tramuntana i gregal* (Rosellón); *Brume de mer, vent de terre* (Francia).

Afástase deste esquema un refrán galego que explica que a néboa de setembro orixina vento do sur (suponse que por oposición ó vento do norte, o caso habitual): *Néboa en setembre trae o sur no ventre*.

-) Picos con capa

Son numerosos os refráns que indican que aparecerá o vento se unha determinada montaña da zona costeira ten nubes ó seu redor, unha presenza codificada metaforicamente con diversas denominacións («capa», «boina», «gorro», etc.). Estes refráns, moi abundantes tamén terra dentro (só que neses casos adóitase prognosticar chuvia) son un prodixio de síntese meteorolóxica que condensan en moi poucas palabras a información acumulada ó longo da historia sobre os microclimas particulares de cada zona, que poden variar cada poucos quilómetros, polas diferenzas no relevo, a dinámica dos ventos, as diversas manifestacións do efecto Föhn que adoita darse cando as frontes de nubes baten con montañas, etc. Algúns exemplos son: *Cando a Curota ten capela, adiviña vendaval* (ría de Arousa, Galicia); *Sierra cargada, nordeste en la playa* (Navia, Asturias); *Cope con sombrero, levante cierto* (Murcia, España); *Montsià agarrat, llevant dalt del cap* (Vinaroz, Castellón).

-) O mar

Loxicamente, a observación do propio mar é un recurso moi socorrido entre os pobos do litoral para previr o tempo. Non obstante, resulta curioso que en moitos casos non son os mariñeiros os que fan o prognóstico, senón os habitantes que viven terra dentro, quen, segundo o estado do océano, poderán saber se conseguirán facer os traballos do campo ou os domésticos sen que os sorprenda a chuvia. Vexamos dous exemplos das costas galega e asturiana: *Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á leira* e *Cuando ruxe la mar de Mohías, busca leña pa quince días, y si ruxe la de Barayo, unce los gües y ponlos al carro*.

Non obstante, tampouco faltan proverbios máis centrados nas necesidades dos mariñeiros, que auguran a chegada de vento a través do exame de diversos aspectos do mar. O encrespamento do mar e a escuma das ondas poden ser bos indicios da chegada ou non do vento: *Mare bianco, scirocco in campo; mare crespo, vento fresco* (Italia); *Espuma 'na costa, mar bella mañana* (Asturias); *Si ves espuma na praia, sur encima* (Galicia). Tamén pode observarse a formación de remuíños ou incluso medir a temperatura da auga, como indican estes dous refráns galegos: *Ponse o mar a arrelleirar, vento do sul vai entrar* e mais *Auga fría na badía, norte en Muxía*. É posible, incluso, prognosticar a chegada

do vento segundo o cheiro que desprenda o mar, como nos ilustra o seguinte refrán do dominio lingüístico catalán: *Si la mar fa olor de llevor* ['cheira a semente'], *tot el dia següent bon llevantó*.

-) Tipoloxía de ventos

Reunimos aquí un conxunto heteroxéneo de refráns que teñen como núcleo central un vento específico. Presentan unha variada tipoloxía canto á información que transmiten: a maior ou menor duración de cada tipo de vento, a súa intensidade, os ventos que normalmente aparecen detrás doutro, etc. Por razóns de espazo, desenvolverei apenas dous casos.

Tendo en conta o ámbito xeográfico sobre o que se orienta o *Mare Loquens*, o primeiro vento ó que cómpre facer referencia non é outro que a *bora*, cuxo nome deriva do mitolóxico Bóreas, o malencarado deus do frío vento do norte. Trátase dun vento de procedencia norte-nordés que asola con especial intensidade o mar Adriático, moi turbulento, que pode chegar con facilidade ós 160-170 km/h, aínda que hai testemuños eslovenos e dálmatas que refiren rachas superiores ós 200 km/h. Non sorprende, por tanto, que ó longo da costa florezan numerosos proverbios referentes a este vento. Algúns informan sobre a duración da *bora*, como o dito véneto *Quando la bora se move, o uno o tre o cinque o nove*, que refire os días que durará ese vento, de xeito semellante ó proverbio, da mesma zona, *Bora, tre dì dura; se le va di troto* ['se vai ó trote'], *la dura più de oto*. Tamén se di que *Bora scura*,[5] *poco dura*, ou, como no refrán que dá título a este traballo, *Bora freda e neve in mar, la fin del vento vedo 'rivar*, xa que a chuvia ou neve adoitan ser indicios de que despois virá a calma. Finalmente, outros proverbios da zona informan sobre a ruta que seguen os ventos: *La Bora nassi in Dalmazia, la se scadena a Trieste e la mori a Venessia*.[6]

Máis ó oeste, abundan os refráns referidos ó vento garbino ou lebeche, un aire do suroeste que se caracteriza pola intensa calor e que, incluso, trae ás veces area desértica de África; é por iso que din en Tarragona que *El llebeig baixa flames*. Este vento está asociado ás borrascas do Mediterráneo meridional, polo que é visto en repetidas ocasións como un precursor da chuvia. Esta última circunstancia explica os proverbios valencianos e mallorquinos *Llebeig per a sopar, aigua per a esmorzar* e *Llebeig, aigua veig*, ou o refrán das Marcas italianas *Garbì scopre li mucchi e po'ce piscia*. Noutros casos, a predición é máis

5 Isto é, a que vén con ceo cuberto e acompañada de chuvia ou neve.
6 Fonte: <http://it.wikipedia.org/wiki/Bora>.

complexa, como nun proverbio de Vinaròs (Castellón) que esixe a suma de dous factores para a aparición da chuvia; ten que haber garbino, pero antes del tivo que haber cerzo, o vento do noroeste: *Si la garbinada bufa i el cerç amolla, pluja segura*. Máis abaixo, na Vila Joiosa (Alacante), a predición é máis ambigua; se o vento vén acompañado de nubes, ou o mar estará calmo, ou encrespado: *Vent a garbí nuvolat, o molt dolç o molta mar*. Para rematar, cómpre referir varios refráns que aloden a que o vento lebeche é eminentemente diúrno. Os pescadores do Golfo de Valencia din que *Vent de garbí en terra, de nit va a sopar amb sa mare* e en varias localidades catalás expresan a mesma información doutro modo: *El garbí a les sis s'en va dormir* e *El garbí a les set s'en va dormir*.

Para dar unha idea da numerosa diversidade existente, enumeramos agora algúns refráns referidos a outros ventos. Nalgúns casos menciónanse polo nome (ofrecemos aquí exemplos do cerzo, gregal, levante, mistral, poñente, siroco e tramontana): *Cerç de matí, aigua de vesprada* (Valencia); *Guergal, mar picada i sola banyada* (Mallorca); *Si el llevant ronda cap al sur, el temporal és segur; i si ronda cap al norte, bonança prompte* (Calpe, Valencia); *Dejorn es colga el mestral | cansat de fer mal, | però no pot dormir | i es lleva dematí* (Menorca); *Vent de ponent, fa fugir tota sa gent* (Menorca); *Sceròcche e ttramunténe: o trè ddíje o na summéne* (Apulia). Noutros casos, non aparece un nome, senón que se describe o vento segundo a dirección da que provén o aire, mencionada a través dun punto cardinal ou dun topónimo situado nesa dirección, como en *Leste na ría, norte na costa* (Cangas do Morrazo, Pontevedra) ou *Al viento de Oviedo, no le tengas miedo* (Xixón, Asturias). Nalgúns casos pódense combinar as dúas posibilidades, como acontece con *Viento a Berbería, Levante al otro día*, un refrán propio das provincias de Córdoba e Málaga, no sur de España, que avisa de que despois do vento do Sur (das terras bérberes, Norte de África) virá o vento de Levante.

-) Observacións de animais

Un proverbio corso sinala que o grito do corvo prognostica a chegada de chuvia ou vento: *Corvo che grida, o pioggia o vento sfida*, unha afirmación moi semellante ó refrán portugués *Corvo que grita, vento chama*, que restrinxe máis as posibilidades. Hai outras paremias que tamén fixan a súa atención na observación dos paxaros, como o refrán galego, moi expresivo, *Gavotas á terra, mariñeiros á merda*. Tamén son frecuentes, loxicamente, os refráns creados a partir da observación de animais mariños, como os golfiños. Cómpre mencionar a existencia de diverxencias de significado entre refráns moi similares, como a paremia

asturiana *Golfina que muncho salta, viento y agua'spanta* e o refrán castelán *Golfines que mucho saltan, viento traen y calma espantan*, que, polo contrario, si prognostica a chegada de vento, tal e como fai tamén o proverbio galego *Os arroaces brincan no mar, forte norte vai a dar*.

-) Outros

Por último, recollemos outros paremiotipos, interesantes pola súa configuración pero con baixa representación no noso corpus. En Bari, no sur de Italia, o arco da vella pode servir como indicio da chegada de vento ou auga: *U uàrche: o vìinde o iàcque*. Xa vimos algún refrán que sinalaba que a chegada da chuvia ía facer que desaparecese o vento, unha idea na que incide o refrán pullés *Avaste na mesceddàine pe fa fenèsce u viende*. Non obstante, tamén hai quen discrepe da validez dese indicio, como fai o refrán do sur de Galicia *Chuvia miúda, daguión barrunta*, que prognostica a chegada do vento do norte tras unha chuvisca débil. Numerosos refráns do dominio lingüístico catalán poñen de manifesto que unha lostregada presaxia a chegada de vento forte: *Llampa a la marina, ventolina*; *Llampa pel canal del riu, mestral segur*; *Llamps a la marina, cerç a la matina*; *Quan llampa a la mar, vent de la serra*; *Rellampega a la Marina, vent a la matina*, etc.

3.2. Refráns de alerta

O segundo grupo que destaca no corpus está formado por unhas 90 paremias que podemos denominar «de alerta», que chaman a atención sobre os perigos de determinados ventos cos que poden bater os mariñeiros ou a xente do litoral. Hai, loxicamente, avisos xenéricos, como o refrán italiano *Quando cambia il vento, marinaio sta attento*, mais normalmente, para optimizar a súa utilidade, os refráns «de alerta» son moi específicos en canto ó seu ámbito de aplicación. Non todos os refráns son ameazadores, tamén hai algúns que aconsellan calma ó mariñeiro, como o proverbio barcelonés *Vent xerrador, no et faci por*, que non deixa de lembrar o refrán español *Perro ladrador, poco mordedor*.

Nalgúns casos, menciónase un determinado momento do día, como este refrán recollido entre os pescadores da comarca xironesa de Blanes, que din que *Nina que es pentina de nit, [/] mal pentinada* (isto é, cando o ceo calma pola noite, o tempo é inseguro). Ó leste, na illa de Mallorca, os mariñeiros saben que cómpre ser moi precavidos cos ventos que veñen de mar adentro (isto é, do sueste), porque a miúdo veñen acompañados

de néboa e traen mar grosa; por iso, hai que evitalos: *Vent de fora i sense lluna, fuig de sa costa tot d'una*. Noutras ocasións, coméntase a necesidade de estar atentos nun momento concreto do ano, como sinala o refrán de Cadaqués (Xirona) *Març, marçot, ronca fins que és mort*, que avisa das intensas ventadas que se producen no terceiro mes do ano.

No entanto, a maioría dos refráns alertan sobre os perigos de ventos específicos, con ou sen especificacións temporais, como as mencionadas no parágrafo anterior. Un caso onde as hai é no refrán cántabro *Las abrigadas de marzo, las sopla el diablo*, que se refire ó vento ábrego, do suroeste, bastante seco e forte no norte da Península, por causa do efecto Föhn. Anteriormente mencionamos o vento garbino ou lebeche, que tamén é vento de orientación suroeste. Este vento ten moi mala fama entre os mariñeiros do Mediterráneo occidental, pois no inverno é causa de frecuentes temporais, e iso fai que exista nas costas catalás e valencianas un paremiotipo, con notable diversidade formal, que alerta sobre esa circunstancia: *Garbí a l'hivern, boca d'infern*; *Garbinada d'hivern, dia d'infern*; *Vent de garbí a l'hivern, els dimonis a l'infern*. Ás veces omítese a referencia temporal, como no refrán castellonense *Llebeig? Mariner, perdut et veig*. Noutras ocasións, o proverbio combina consellos sobre dous ventos, como sucede no refrán italiano *Libeccio chiaro e tramontana torba, guardati marinar che non ti colga* ou na paremia catalá *Ni en llevant ni en llebeig, mariner, segur no et veig*. Non ofrece mellores perspectivas o siroco, un vento do sueste, moi cálido e abafante, que non é favorable para a pesca, pero que pode producir ondas considerables, como sintetizan refráns semanticamente mixtos que informan sobre a pesca e sobre o estado do mar: *Vent xaloc, molta mar i peix poc*. Finalmente, existe un «vento do mediodía», tamén coñecido como austro ou africano, de compoñente sur, cálido e húmido, como se di en *Migjorn d'hivern, espurna d'infern*; como os anteriores, non é un vento favorable nin para a pesca nin para a navegación, polo que tamén existen refráns que dan conta deste carácter negativo, tal e como o tarraconense *Migjornell, no et fiïs d'ell* ou o balear *Vent migjorn, no hi torn* ('non volvo', un lamento atribuído ós mariñeiros, polas dificultades para navegar).

Cambiando de cuadrante, o vento mistral é un vento do noroeste, frío, seco e violento, que supera sen problemas os 100 km/h, especialmente no Mediterráneo, pola aceleración que acada tras pasar os Pirineos ou os Alpes, xa que o espazo para superar eses accidentes xeográficos é reducido, e iso xera un efecto-túnel, que revitaliza a forza dos ventos, un feito sobre o que alerta o refraneiro italiano (*Meglio aver vento da tutte le parti, che da una fessura*) ou o catalán (*Fuig de vent acanalat i*

d'amic reconciliat). Non sorprende, por tanto, que existan proverbios que alerten sobre a súa violencia: *El maestral agrana* ['varre'] *el cel* ou *Déu mos guarde de tot mal i de ratxa de maestral* (ambos de Altea, Alacante). Un refrán occitano aborda a cuestión desde outra perspectiva, un vento deste tipo non é de fiar: *A mistrau brut e levant cla, noun te fisa*.

Nalgúns casos, como xa se sinalou na sección 3.1., a alusión ó vento faise de modo indirecto, aludindo a unha localidade que está na dirección da que provén. O proverbio *Aire de Carnota jode a quen topa* foi recollido en Catoira, na provincia de Pontevedra, polo que se refire ó vento do norte, que é forte e frío, o que explica que non sexa visto de modo positivo. É curioso o refrán asturiano *Vendaval en Galicia, fiesta'n Llanes*, recollido entre os mariñeiros, que saben que o temporal do noroeste (a dirección na que está Galicia, desde a súa perspectiva) chegará rapidamente ás súas costas, impedindo saír pescar. Outros dous refráns xixoneses compostos sobre o mesmo modelo empregan talasónimos, nomes de saíntes da costa: *Non vayas de costera, que canta la Cordelera* e *Non vayas de costera, que ruxe la Salmoriera*.

3.3. Consellos de navegación

Moitos dos refráns que foron examinados nos parágrafos anteriores contiñan información útil para planear os traballos da pesca e trazar as mellores liñas de navegación. Non obstante, o noso corpus contén unha trintena de refráns específicos con consellos concretos e ordes para o mariñeiro, segundo o vento que estea soprando en cada momento.[7]

Por veces, as recomendacións son moi básicas, como nos proverbios de Bari *Quanne u vìende è freiàuse, aiùtete chi ràime* ('Cando o vento está furioso, axúdate cos remos') e *Sotte a nnève e ssotte a vvîinde u marnàre no ppèrde tìimbe* ('Baixo a neve e baixo o vento, o mariñeiro non perde o tempo') ou no refrán portugués *Vento vendaval, amarra a barca e vai-lo abrigar*. Hai que referir que non faltan proverbios que combinan consellos marítimos con misoxinia, *De les muyeres y el viento, dos cuartes a barlovento*.

Noutros casos, polo contrario, máis que diante dun proverbio, parecemos estar ante unha auténtica carta náutica, polo seu grao de detalle e concreción, e tamén pola adaptación a un territorio concreto:

7 Realmente, nin sequera é necesario que sopre, pois o tempo en calma adoita ser, como vimos nas seccións anteriores, un preludio de ventos, polo que cómpre aproveitar a ocasión para traballar antes de que cheguen as ventadas, como aconsella o refrán portugués *Calma, vento espera, marinheiro, põe-te à vela*.

Si estás na costa de nordeste e ves por Sisargas oscuro, vamos a coller á ría, que vai vir norte duro (refrán recollido en Sada, ría de Betanzos; as Sisargas son unhas illas moi próximas á costa). Algo menos detallado, outro proverbio galego fai referencia a un monte do concello coruñés de Muros, que con frecuencia aparece rodeado de nubes: *Cando monte Louro se pon a monteira, tómalle todos os rizos ás velas*. En efecto, os máis dos refráns deste tipo conteñen instrucións sobre como aparellar as velas, xa que a súa disposición depende do aire que sopre; como ben di o proverbio catalán, *Segons el vent, les veles*. Resulta curioso este refrán do litoral oriental da Península Ibérica que aconsella que a navegación se acomode ó comportamento da gaivota: *Quan la gavina canta, tramuntana; quan neda, arria veles; i quan camina, hissa, hissa!* Unha situación perigosa para a navegación dáse cando hai chuvia ademais do vento, polo que non sorprende que haxa varios refráns que alerten sobre o modo de comportarse nesta situación. Un mollo de refráns asturianos recomenda recoller velas cando aparece a chuvia antes do vento, e actuar á inversa se a situación é a contraria; dous exemplos son: *Si el agua vien antes del viento, arriza vela sin perder momento; pero si el viento vien primero, no hay novedad, marinero* ou *Cuando vien la chuba antes que 'l viento, atrapa paño y mételo dentro, y cuando vien el viento y tras la chuba, larga 'l paño que no hay duda*. Semellante é o proverbio galego *En vela, chovendo, galerna segura, barco ó garete*.

Finalmente, cabe referir un grupo de refráns que ofrece consellos específicos de navegación segundo o vento que sopre en cada momento. Como se explicou anteriormente, o vento garbino ou lebeche pode axitar moito o mar no Mediterráneo occidental, polo que son esperables refráns como *Mar de vent de garbí, ja pots varar el bergantí*. Tampouco ofrece máis garantías o vento gregal, un vento do nordés, frío e seco, polo que un refrán mallorquino aconsella tomar precaucións: *Guergaló rissat demana, major, trinquet i mitjana*. Desde a outra perspectiva, hai certos ventos que favorecen a navegación, polo que o mariñeiro pode navegar sen medo: *Sciloccu chiaru e tramuntana scura, mettiti a mari senza paura*. Outro refrán deste tipo, cunha restrición temporal, é *Aubes amb tramuntanella, ses barques s'en van amb ella*.

3.4. A pesca

Algúns refráns do noso corpus focalizan a súa atención no maior ou menor rendemento que se vai obter na pesca. Adoita suceder que os refráns meteorolóxicos e do calendario ofrezan versións contraditorias

na interpretación dun mesmo feito, mais é nos refráns sobre a pesca onde se ve moi ben que cada quen fala da feira segundo lle vai nela, porque encontramos informacións completamente opostas incluso entre zonas próximas, xa que na abundancia de peixe inflúe moito a diversidade de correntes mariñas ou a diferente temperatura das augas, que pode mudar en poucos quilómetros, polo que un mesmo vento pode ter efectos opostos en dúas localidades relativamente próximas. Entre os pescadores de Vilanova i la Geltrú (Barcelona) dise que *En gregal, ni peix ni pardal*, porque supostamente ese frío e seco vento do nordés, que trae fortes ondas e mar de fondo, non é bo para a caza ou a pesca. Non obstante, na mesma provincia, a uns 60 quilómetros ó nordés, óese dicir que *Guergal, peix en la sal*, isto é, 'no sal', listo para conservarse despois de pescalo, e mar adentro, en Mallorca, din os mariñeiros que *Si és gregal i brusca* ['chuvisca'] *dura, pescada segura*. Outro exemplo de diverxencia dáse co vento de levante. Refiren nas costas italianas que *Con il levante pesce a riva, con il ponente non si piglia niente*. Pero na outra banda do Mediterráneo, nos dominios catalán e occitano, o sentimento que esperta o primeiro dos ventos é o contrario, *El llevant no és caçaire ni pescaire* e tamén *Lou levant es ni cassaire ni pescaire*, aínda que si coinciden sobre o segundo, *Vent de ponent, vent de la fam*. Finalmente, outro desacordo existente no corpus dáse coa tramontana; un proverbio occitano sentencia que con ese vento haberá pesca: *A la tremountano, I'a de pèis à la pantano*; en cambio, baixando cara ó suroeste, en Cadaqués (Xirona, Cataluña), sentencian que *Tramuntana, vent de gana*, unha afirmación confirmada por un refrán de Elxe, unha localidade máis meridional, *Tramuntana en l'Albufera, ni peixquera ni cacera*.

Algúns refráns están especializados nun determinado peixe. No Cantábrico din que *Pa pescar calamares en a costa d'Asturias, tien que tar la mar "laguna"*, xa que se houbese marusía, os chocos ían escapar da costa. En Avilés (Asturias) din que *Aguas frías y nordeste, la sardina* desaparece, e no Mediterráneo recollemos consellos sobre como capturar ese peixe, erguéndose cedo pola mañá se sopra o vento garbino: *Vendoval, sardines a rial* e mais *Corrent de garbí, lleva't de matí i pesca-les de terra*.

3.5. Uso figurado

Por último, cabe sinalar que varios proverbios consérvanse hoxe nunha acepción en sentido figurado, como consello para diversas situacións empregando as metáforas do vento e do mar.

A maioría dos refráns recollidos poñen de manifesto a importancia de que as circunstancias sexan boas, isto é, que os ventos sexan propicios, algo que vale moito máis que calquera esforzo persoal, como dar remos: *Mais anda quem tem bom vento do que quem muito rema*, con paralelo no refrán catalán *Val més un bon vent que força rems*. Disto derívase que cando todo vai a favor, en certo modo non ten tanto mérito o que consigamos, xa que non sae tanto da nosa pericia e habilidades como do contexto favorable: *Não há mau piloto quando o vento é bom*; *A bentu in favore, ognunu ischit navigare*; *Amb bon vent, tothom és mariner*. Por suposto, a situación contraria tamén existe: *A navio roto todos os ventos são contrários*; isto é, por moi favorable que sexa a situación, é necesario cumprir unhas mínimas condicións para levar a cabo o proxecto que teña cada un. O refraneiro tamén recomenda adecuar a nosa conduta ás circunstancias do momento: *Conforme o vento sopra assim se navega*.

O filósofo Séneca afirmou que ningún vento é favorable para quen non sabe a que porto vai. Idéntica mensaxe segue viva nun refrán recollido en Bari: *Nesciàune vìende è bbuène a ce nà ndàene pùurte*. As ensinanzas de hai 2000 anos seguen vivas nos proverbios de hoxe en día.

4. Conclusións

O obxectivo deste traballo era pór de manifesto a diversidade dos proverbios referidos ó vento ó longo de todo o litoral románico, unha riqueza motivada pola forte necesidade das comunidades mariñeiras de transmitiren de xeración en xeración de forma rápida e eficaz o coñecemento acumulado ó longo do tempo sobre todos os aspectos relacionados co traballo no mar, desde a forma de conseguir unha pesca máis abundante ata saber identificar de forma rápida os perigos que poden asaltar os mariñeiros no mar e como superalos.

O nutrido corpus do ParemioRom permitiu seleccionar case medio milleiro de refráns localizados xeograficamente no litoral ou zonas próximas, que se revelaron dunha grande variedade formal e temática, capaz de explorar cuestións tan específicas como o mellor momento para a pesca da sardiña, a predición do tempo a través da observación dos golfiños, as precaucións que cómpre adoptar cando sopra a *bora* ou o tempo que se pode agardar dos diferentes tipos de nubes observados no ceo.

Bibliografía

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): «Distribución geoparemiológica de refranes meteorológicos asturianos». *Lletres Asturianes* 109, p. 67-102. [Tamén consultable en liña: <http://www.academiadelallingua.com/lletresasturianes> (última consulta: 7/1/2014)]

Álvarez Pérez, Xosé Afonso / Gargallo Gil, José Enrique / Bastardas i Rufat, Maria-Reina (no prelo): «*ParemioRom*: distribución espacial de refranes meteorológicos romances». *XXVII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romane*s (Nancy, 15-20/7/2013).

Arteche García, José Luis (2008): *La galerna del Cantábrico*. Santander: Delegación territorial de la AEMET. En liña: <http://www.divulgameteo.es/uploads/Galerna-del-Cant%C3%A1brico.pdf> (última consulta: 7/1/2014).

Bastardas i Rufat, Maria-Reina (2010): «Topónimos en los refraneros meteorológicos asturianos». Ana Mª Cano González. *Homenaxe al Profesor Xosé Lluis García Arias*, t. 2. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, p. 543-559.

Ferro Ruibal, Xesús (2007): «*Cando chove e dá o sol*... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?». *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, p. 67-94. [Tamén consultable en liña: <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg09_04.pdf> (última consulta: 7/1/2014)]

Gargallo Gil, José Enrique / Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2014): «El proyecto *ParemioRom*. Refranes meteorológicos y geoparemiología romance». *Estudis Romànics* XXXVI, p. 313-324.

Gozalo de Andrés, Carmen (2002): «Galernas de ayer y de hoy». *Revista del Aficionado a la Meteorología*. En liña: <http://www.tiempo.com/ram/225/galernas-de-ayer-y-de-hoy> (última consulta: 7/1/2014).

Kuusi, Matti (1957): *Regen bei Sonnenschein; zur Weltgeschichte einer Redensart*. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica [Tradución italiana: *Quaderni di Semantica* 13 e 14, 1992-1993].

Sanchis Guarner, Manuel (1952): *Els vents segons la cultura popular*. Barcelona: Barcino.